



**GALERIA EMPRESA PÚBLICA DE
SERVICIOS SANITARIOS, S.A.**

CONSELLERÍA DE SANIDADE

I. MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2011 E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO

I.1. PREMISAS E LIÑAS PRINCIPAIS DO PLANTEXAMENTO ESTRATÉXICO

- Galaria: unha organización en proceso de profunda transformación-

A estatutarización do persoal de Galaria, levada a cabo en 2008, motivou a conveniencia de incorporar cambios no contido das actividades desenvolvidas pola empresa. Como consecuencia diso, en 2010 iniciouse un exercicio de profundo replantexamento estratéxico a través do que, tras unha análise da situación, considerouse oportuno potenciar a súa función como instrumento “transversal” ao servizo do Sergas; tanto en áreas asistenciais - fundamentalmente naquelas relacionadas coa alta tecnoloxía nas que as solucións “en rede” poidan achegar vantaxes sobre as solucións locais - como en áreas non asistenciais, nas que sexa posible beneficiar o sistema de economías de escala.

Nesta liña, durante 2010 incorporáronse a Galaria dúas novas actividades, que foron obxecto de cadansúas encomendas de xestión realizada polo Sergas:

- A xestión do proxecto do teléfono único do Sergas
- A posta en marcha do Plan Integral de Eficiencia enerxética do Sergas.

Estas dúas novas actividades continuaranse realizando ao longo de 2011, polo que serán tidas en conta a efectos dos orzamentos.

1.- En relación á primeira destas actividades, é importante salientar que, dende 2008, como consecuencia dunha encomenda de xestión que nunca foi acompañada da súa correspondente dotación económica, Galaria viña xestionando o servizo telefónico de cita previa de atención primaria “Saude en Liña” nas zonas de Santiago, Lugo Ourense e Pontevedra. Durante os exercicios 2008 e 2009 os gastos derivados deste servizo puideron ser compensados, ben total ou parcialmente, mediante aforros xerados en Galaria a través da introdución de melloras na eficiencia do funcionamento interno e a ralentización dos investimentos previstos. En 2010 xa non foi posible recorrer novamente a esta vía de compensación de gastos, polo que, o Sergas tivo que asumir integramente o seu custo. Este escenario reproducírase en 2011, razón pola que, os orzamentos contemplan a totalidade dos custos correspondentes a este servizo.

2- Neste momento non é posible cuantificar os gastos correspondentes á posta en marcha do PIEE do Sergas, debido a que as actuacións a acometer só poderán ser identificadas ao remate dun diagnóstico que a data de hoxe esta pendente de realización, razón pola cal a financiación necesaria para esta actuación no 2011 terá que ser concretada a través dunha encomenda específica.

Durante 2011 se prevé que poidan seguir incorporándose novas actividades; de feito, en materia asistencial, na actualidade estase traballando na conceptualización de proxectos relacionados coa creación dunha rede de radioloxía para optimizar o aproveitamento dos equipos de alta tecnoloxía e déronse os primeiros pasos para deseñar unha rede de oncoloxía radioterápica, mentres que, noutros campos, estase valorando a realización dun proxecto relacionado cun posible cambio no sistema de xestión de residuos da comunidade. Así mesmo, encóntrase en trámites de valoración o posible traspaso a Galaria dalgunhas competencias asumidas actualmente dende a Consellaría e estase valorando a fórmula de participación de Galaria nas novas iniciativas de colaboración pública privada relacionada coas novas infraestruturas hospitalarias (Novo Hospital de Vigo, Pontevedra...). Sen embargo, todos estes proxectos encóntranse aínda nunha fase moi preliminar para poder ser tidos en conta a efectos orzamentarios no exercicio 2011, polo que unha vez concretados, o seu financiamento debера ser obxecto dunha encomenda específica.

- 2011: una Galaria sin unidades de Cardiología-

O feito máis significativo para 2011 será(con efectos orzamentarios para 2012) sen dúbida, o que se derivará do traspaso ao CHUVI das unidades de Cardiología Intervencionista e Cirurxía Cardíaca, que dende a súa orixe estiveran xestionadas dende Galaria. O traspaso destas unidades implicará unha redución de aproximadamente un 53% do total da cifra de negocio

Á data de realización deste documento non é posible concretar o momento exacto no que se fará efectivo o traspaso, dado que este require unha base normativa prévia que actualmente se encontra en desenvolvemento.

É importante subliñar a magnitude do efecto que terá sobre Galaria o traspaso ao Complexo Hospitalario de Vigo das unidades de Cirurxía Cardíaca e Cardiología Intervencionista xa que, ademais da propia redución de dimensión que provoca na empresa a perda destas unidades, esta implicará tamén unha perda de flexibilidade estrutural no seguinte sentido: as unidades de cardiología, intensivas en custos variables, permitían á empresa adaptar a súa actividade, e con ela os seus custos, á dispoñibilidade de recursos. Non obstante, as restantes unidades, que a partires de algún momento do 2012 conformarán a base da empresa, son actividades caracterizadas por uns elevados custos fixos, entre os que o persoal supón con moito, a partida máis significativa, seguida polos elevados custos da tecnoloxía en que basea a súa actividade (amortizacións e mantemento). Isto significa que, na súa nova concepción, a empresa resultará moi inelástica diante posibles contraccións da demanda .

A pesares de que durante 2011 está previsto o traspaso o CHUVI das unidades de Cardiología , co fin de evitar riscos de posibles infravaloracións, os orzamentos dos exercizos 2012 e 2013 trataranse como se estas unidades se mantivesen en Galaria

- ...polo demais, un escenario de continuidade-

Con respecto ás unidades que se manteñen na empresa, prevese que, tanto as asistenciais (Oncoloxía Radioterápica, Medicina Nuclear, Diagnóstico por Imaxe) como as non asistenciais (Unidade de Radiofármacos PET Galicia, Consultoría, Radiofísica e Unidade Técnica de Protección Radiolóxica [UTPR]), continúen traballando na forma en que o viñeron facendo ata agora, aínda que nalgunha delas requirírase realizar algún axuste orzamentario respecto a 2010, derivado das variacións estimadas na demanda. Estas variacións serán significativas unicamente no caso do PET do Hospital do Meixoeiro (e consecuentemente tamén na Unidade de Radiofármacos PET), os cales pasarán a traballar en dúas quendas (en 2010 fixérono só nunha), dada a importancia crecente no diagnóstico da enfermidade oncolóxica e a súa condición de ser a única tomocámara destas características dispoñibles actualmente na Sanidade Pública galega.

I.1.1. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS		
A	Satisfacer as necesidades asistenciais de alta tecnoloxía dos cidadáns das áreas asistenciais asignadas polo Servizo Galego de Saúde nos eidos de oncoloxía radioterápica, diagnóstico pola imaxe, medicina nuclear, cirurxía cardíaca e cardioloxía intervencionista, coordinada e integrada coa rede asistencial do Servizo Galego de Saúde.	a) A mellora da cohesión social, o benestar e a calidade de vida, facendo especial fincapé nos colectivos máis afectados pola crise económica, garantindo a prestación dos servizos fundamentais no ámbito da sanidade, a educación e a atención da dependencia.
B	Proporcionar servizos de consultoría ao Servizo Galego de Saúde en materia de avaliación, planificación, promoción, adquisición, organización, mantemento, formación, xestión, investigación e control de calidade.	c) Impulsar a economía do coñecemento mediante a construción dunha sociedade na que prime a innovación empresarial, a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico e na que se promova a aplicación do emprego das TICS en todos os seus ámbitos.
C	Proporcionar o SERGAS servizos de carácter transversal (suprahospitalario) relacionados co ámbito sanitario.	a) A mellora da cohesión social, o benestar e a calidade de vida, facendo especial fincapé nos colectivos máis afectados pola crise económica, garantindo a prestación dos servizos fundamentais no ámbito da sanidade, a educación e a atención da dependencia. d) Promover a sostenibilidade mediambiental e o equilibrio territorial mediante a conversión do contorno natural nun factor positivo para o desenvolvemento e a xeneración de traballo, no que se eliminen as disparidades territoriais e no que a eficiencia enerxética constituya unha fonte de riqueza e resposta ante os desafíos do cambio climático
D	A promoción, planificación, deseño, construción, conservación, mantemento, dotación de equipamento e explotación de toda clase de infraestruturas sanitarias que sexan promovidas pola Comunidade Autónoma de Galicia ou nas que esta participe vinculadas ao ámbito sanitario.	i) Conseguir unha administración eficiente, moderna e cercana o ciudadano mediante a optimización dos recursos materiais e humanos e a implementación de novos sistemas de xestión que faciliten os trámites os administradores, de maneira que se reduzan os custos actuais na prestación de servizos e se incremente a capacidade financeira da comunidade

I.1.2. OBXECTIVOS OPERATIVOS

OBXECTIVOS OPERATIVOS		
AA	Satisfacer a demanda asistencial no eido de oncoloxía radioterápica	1.900 tratamentos de teleterapia. 282 tratamentos de braquiterapia. 100 tratamentos de radiocirurxía
AB	Satisfacer, con mais alta tecnoloxía disponible a demanda asistencial nos eido de diagnóstico pola imaxe, tanto no CHUVI como nos hospitais comarcais e fundacións, evitando así a necesidades de desprazamento dos pacientes.	32.300 resonancias magnéticas. 22.300 de ellas fixas (CHUVI) y 10.000 móbiles (comarcais)
AC	Satisfacer a demanda asistencial no eido da medicina nuclear na área sur de Galicia	11.400 gammagrafías e tratamentos. 2.821 PET
AD	Satisfacer a demanda asistencial no eido da cirurxía cardíaca na área sur de Galicia	760 procesos facturados
AE	Satisfacer a demanda asistencial no eido da cardioloxía intervencionista na área sur de Galicia	4.567 procedementos facturados
BA	Atender as necesidades de consultoría, relacionada ca alta tecnoloxía sanitaria, requeridas polo SERGAS, así como outras posibles actividades de consultoría demandadas por éste.	0 100% das solicitudes
CA	Prestar a asesoría en materia de protección radiolóxica e física médica aos clientes con instalacións médicas radioactivas de segunda e terceira categoría (radioterapia, radiodiagnóstico e medicina nuclear), garantindo a continuidade da prestación do servizo e o cumprimento da normativa e recomendacións vixentes en cada momento.	0 100% dos clientes.
CB	Suministrar radiofármacos as instalacións PET da rede sanitaria gallega	4.091 FDG. 30 NAF. 50 FCH
CC	Desenvolver o "Teléfono único do sergas"	Estendelo ao 100% das áreas asistenciais de atención primaria.
CD	Mellorar a eficiencia enerxética dos hospitais do SERGAS mediante a realización dos primeiros plans integrais de eficiencia enerxética nos hospitais do SERGAS e a implantación das medidas que deles se deriven	Pendiente de concretar
DA	Colaborar na oficina de seguimento do novo hospital de Vigo	Pendiente de concretar

○ O conxunto dos obxectivos operativos abranguen todo o orzamento da entidade coas excepcións expostas no apartado inicial do Plan Integral de Eficiencia Energética, e outras novas actividades.

a) Obxectivos operativos de actividade asistencial:

Oncoloxía Radioterápica

Os tratamentos de radioterapia seguen experimentando unha demanda sostida unha vez que o Hospital de Ourense iniciou a súa actividade en radioterapia en Xaneiro de 2010 coa posta en marcha do segundo acelerador de electróns.

○ O incremento do tempo de máquina requirida pola cada vez maior complexidade das técnicas e o elevado nivel de obsolescencia de dous dos aceleradores dispoñibles no Hospital do Meixoeiro (instalados no 1996), fan urxente a posta en marcha do novo acelerador que será adquirido a finais do 2010 .

Este novo acelerador, con capacidade para realizar radioterapia guiada por imaxe e técnicas modernas, podería permitir proporcionarán aos pacientes unhas mellores pers-

pectivas de curación ao tempo que reduciran os efectos secundarios.

Dada a necesidade de importantes obras de acondicionamento para a instalación do acelerador, a súa posta en marcha esta prevista para o último trimestre.

En relación ao investimento que é necesario acometer por este servizo durante 2011, destaca a necesidade de substituír o actual TC monocorte de 1996 por outro compatible cos aceleradores y coa resonancia (o actual non o é), permitindo así unha mellora na precisión do tratamento.

Por outra banda, a alerta mundial emitida no 2005 dende o grupo de traballo da sección de braquiterapia da Sociedade Europea de Oncoloxía Radioterápica respecto á planificación con resonancia magnética da braquiterapia de colo uterino, fará necesaria unha nova coordinación entre a unidade de Oncoloxía Radioterápica e a unidade de Diagnóstico por Imaxe, a incorporación de adaptacións nalgúns equipos para facelos compatibles coa resonancia e a compra de certos funxibles relacionados.

Así mesmo, ao longo de 2011 incorporaranse tamén novos tratamentos para as braquiterapias de próstata e esófago. En especial esta previsto consolidar os tratamentos con sementes de I-125 de próstata.

Diagnóstico pola Imaxe (A.S.C.)

A pesar de que, debido á inocuidade da técnica e a súa exactitude diagnóstica en todas as áreas anatómicas a actividade de diagnóstico por imaxe veu experimentando un incremento anual superior ao 15% durante os últimos anos, para o exercicio 2011, grazas a actuacións que se pretenden pór en marcha para a racionalización de seu prescrición, traballouse na hipótese de que a demanda se manteña en liña coa do ano 2010, aínda que se prevé un incremento relativo de complexidade, en liña coa tendencia dos últimos anos.

Continuarase traballando en quendas ordinarias de mañá e tarde na rm fixa do chuvi e nas rm móbiles que atenden a demanda deste tipo de probas fundamentalmente nos hospitais comarcais e en quendas de fin de semana sempre que sexa necesario.

A substitución do equipo de medio campo no hospital xeral - cés polo equipo de alto campo de 3t adquirido a finais de 2010, permitirá unha maior exactitude diagnóstica, especialmente no ámbito oncolóxico e de patoloxía neurolóxica, ao posibilitar o incremento da resolución espacial dos estudos e a incorporación progresiva de imaxes funcionais, que melloran e completan a imaxe anatómica na RM, requiríndose para iso estacións diagnósticas con maiores prestacións que permitan o manexo da gran cantidade de información que xera este tipo de estudos

Medicina Nuclear de Vigo e Ourense (A.S.C.)

A actividade asistencial prevista para as Unidades de Medicina Nuclear experimenta unha tendencia xeral de mantemento estable ou leve crecemento na demanda da Área Sanitaria de Vigo e Ourense.

Obsérvase unha modificación nas tendencias das exploracións demandadas, adquirindo unha maior potencialidade diagnóstica as peticións oncolóxicas, sendo paradigmático o crecemento na prestación do ganglio centinela en carcinoma de mama, cunha maior potencialidade dende a apertura da Unidade da Mama do CHUVI. En contraposición, obsérvase unha tendencia á diminución en estudos pulmonares para diagnóstico do embolismo, ao xurdir outras técnicas radiolóxicas alternativas.

O crecemento da demanda PET é progresivo aínda que é máis lento do esperado inicialmente. Está previsto que siga medrando progresivamente a demanda oncolóxica, principal indicación para estudos PET, como está ocorrendo durante o ano 2010, e que se implementen outras técnicas diagnósticas PET con novos radiofármacos oncolóxicos FdG-colina, FdG INa. Este crecemento esperado na demanda do PET obrigará a incorporar de forma progresiva a quenda de tarde.

Así mesmo, incorporaranse durante o ano 2011 outras técnicas diagnósticas previstas no capítulo de investimentos, como é o PET para planificación radioterápica e PET en cardioloxía e neuroloxía. O aumento das indicacións aprobadas redundará nunha maior actividade asistencial no PET durante o ano 2011.

En termos porcentuais, as técnicas diagnósticas cun equipo PET/TAC son dun 95% de estudos oncolóxicos e dun 5% para planificación radioterápica, cardioloxía e neuroloxía.

O obxectivo da Unidade é manter unha lista de espera estrutural en patoloxía oncolóxica inferior a 7 días, obxectivo que figura entre os obxectivos de calidade da Unidade coa Consellaría de Sanidade na vía rápida en cancro de pulmón.

Cirurgía Cardíaca (A.S.C.)

A demanda e complexidade dos pacientes segue a incrementarse nesta unidade. Para o ano 2011 estimase a realización de 760 procesos asistenciais. Debido á saturación dos recursos de coidados intensivos e camas de hospitalización do CHUVI, cumprirá utilizar recursos externos para dar cobertura ás necesidades asistenciais da súa área de influencia.

Nesta disciplina experimentouse nos últimos anos un importante crecemento nas intervencións mais complexas, que son as valvulares e combinadas (valvular–coronaria) en detrimento das intervencións de doenzas coronarias, isto débese ao avance experimentado na abordaxe destas patoloxías por vía percutánea.

Está previsto continuar desenvolvendo técnicas de circulación extracorpórea menos agresivas, tendo especial interese o perfeccionamento da técnica de implantación de pró-

teses valvulares transcater por vía transapical e a mellor selección dos pacientes candidatos a recibilas, na procura dunha mellora da calidade asistencial e vida dos pacientes ao evitarse nunha porcentaxe elevada o consumo de "sintrom".

Hemodinámica y Cardiología Intervencionista

No 2010 chegouse a un nivel de estabilidade no número de procedementos. É previsible que chegada a estes niveis a frecuentación global só se incremente nunha proporción vexetativa dun 3-5% anual, polo que a efectos orzamentarios considerouse un escenario continuista.

Non obstante estamos a asistir á introdución e desenvolvemento de novas técnicas e procedementos orientados á calidade do paciente de dúas maneiras:

1.- Uns dirixidos á solución de problemas residuais de patoloxías crónicas xa tratadas: como son as dehiscencias para-valvulares en pacientes previamente intervidos de substitución valvular cirúrxica anos atrás ou á corrección da insuficiencia mitral mediante técnicas mínimamente invasoras de forma percutánea.

2.- Novas alternativas terapéuticas para pacientes con patoloxía valvular, fundamentalmente de estenose aórtica, mediante o implante percutáneo de próteses aórticas. Patoloxía cuxa frecuentación vai en ascenso da man do incremento do número de pacientes anciáns na poboación xeral, pois é neles nos que aparece. Tal é así, que se prevé que se duplique ano a ano esta patoloxía e conseguintemente o número de procedementos a realizar neste contexto durante os próximos 3-5 anos.

Durante o 2011 seguirase traballando no tratamento de pacientes con infarto agudo de miocardio, como parte da rede asistencial do Programa Galego de atención ao infarto con angioplastia primaria (PROGALIAM). E que supuxo no 2010 tratar con éxito, a máis de 400 pacientes cada ano, en situación urxente e grave, despois de conseguir reducir a taxa de mortalidade hospitalaria a menos do 5%.

Dende o punto de vista organizativo existe unha xestión unificada de rede asistencial, que cubre toda a área sur de Galicia (1.150.000 usuarios). Púxose en marcha a Unidade de Ourense en febreiro do 2010, desenvolvemento que se completou coa iniciativa de incorporar outra Unidade baixo o mesmo sistema asistencial e de xestión, en Pontevedra. Esta unidade xa está operativa aínda que se atopa pendente de completar algunhas dotacións. Esta unidade requirirá un novo facultativo para a atención á área.

b) Obxectivos operativos no ámbito da consultoría

As liñas de traballo a desenvolver no vindeiro ano 2011 xiran arredor de asesoramento na compra de equipamento de alta tecnoloxía, planificación estratéxica de investimentos, plans funcionais e dotación completa do equipamento de centros hospitalarios

e centros de saúde.

No ano 2011 pode salientarse o previsible inicio do plan de dotación do novo Hospital de Vigo, xa que o axustado prazo de execución fará recomendable iniciar canto antes a planificación da súa dotación.

Tamén neste ano continuará o desenvolvemento das liñas de acción que se poden englobar dentro do concepto de xestión integrada dos proxectos e das obras (Project Management) que promove o Servizo Galego de Saúde, e con asesoramento no análise de ofertas de ditos proxectos.

E como é habitual estará a disposición de ampliar a súa colaboración co Servizo Galego de Saúde en outras actividades segundo a demanda.

c) Obxectivos operativos no ámbito da radiofísica e a protección radiolóxica

A Unidade de Radiofísica e Protección Radiolóxica manterá as liñas de actividade en consonancia co desenvolvemento das novas técnicas de radiofísica e protección radiolóxica.

No ámbito da radioterapia, porase en marcha un novo acelerador no Hospital do Meixoeiro no ano 2011, que incorpora as técnicas máis avanzadas de guiado por imaxe, e ademais incrementárase o número de pacientes tratados con técnicas especiais (IMRT, RDC, etcétera).

Por outra banda, e no ámbito da medicina nuclear, continuarase co aplicación dos habituais procedementos de control de calidade.

No ámbito da Protección radiolóxica, a unidade seguirá competindo no mercado cunha carteira de produtos integral e diferenciada, que ademais inclúe, entre outros, a participación activa na elaboración de procedementos para implantar os programas de garantía de calidade de radiodiagnóstico dos hospitais e o establecemento de procedementos para a realización de probas de aceptación e controis de calidade nos novos sistemas de imaxe dixital. Engadiranse as tarefas habituais aos equipos mercados neste ano e as novas recomendacións nos protocolos de actuación.

d) Obxectivos operativos da Unidade de Radiofármacos PET Galicia

Durante o ano 2011, a Unidade de Radiofármacos PET Galicia continuará coa súa actividade asistencial, subministrando FDG aos servizos de medicina nuclear do Hospital Clínico e Hospital do Meixoeiro.

Non é esperable un aumento de demanda do Hospital Clínico para o 2011 polo que os datos de subministración serán similares aos de anos anteriores.

A actividade do Hospital do Meixoeiro foise incrementando ao longo do 2010. O número de doses subministradas ata o mes de xullo supera xa ás totais do 2009. Seguindo esta tendencia, o 2010 pecharase cun incremento aproximado do 100%. A previsión para o 2011 é continuar este incremento requirindo unha segunda quenda de tarde no PET do Hospital do Meixoeiro, que traerá a implantación dunha segunda quenda de produción no Ciclotrón. Para esta nova quenda necesitarase a incorporación dun técnico de laboratorio.

Durante o 2010 a Unidade estará en disposición de sintetizar dúas novas moléculas PET. Debido a que a súa administración en pacientes está condicionada ás autorizacións correspondentes, non é posible estimar data de inicio de subministración.

Para o 2011, a intención da dirección da Unidade é ampliar a carteira de servizos en polo menos dúas moléculas máis, sempre en función da demanda dos clínicos e as posibilidades técnicas da Unidade.

O aumento na subministración de FDG e outros radiofármacos PET pasa inexorablemente pola incorporación de máis cámaras PET na rede do Servizo Galego de Saúde e pola aprobación de novas técnicas por parte dos organismos competentes, sen esquecer o potencial da Unidade no campo da investigación e desenvolvemento.

En materia docente, a Unidade seguirá mantendo e ampliando a súa colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela e o Hospital Clínico.

e) Obxectivos operativos de servizos relacionados co ámbito sanitario, “Teléfono único”

Durante o ano 2010, o servizo de atención telefónica “Teléfono único”, que ten asignado o número 902 077 333, centralizou a cita previa telefónica dos centros de saúde das áreas de Lugo, Ourense, Santiago y Pontevedra, dando servizo a un 52% da poboación con Tarxeta Sanitaria de Galicia.

No resto das zonas non atendidas por este servizo a cita previa de atención primaria xestiónase a través dos teléfonos directos dos centros de saúde, algúns dos cales contan co apoio de recursos adicionais de operadores especializados, nuns casos propios e outros subcontratados.

Co obxectivo de lograr unha equidade no tratamento da cita previa en toda a Comunidade, a Consellería de Sanidade está a desenvolver un proxecto de implantación dun teléfono único, a través do cal centralizar e unificar todas as consultas relacionadas co ámbito da sanidade.

En relación ao servizo de cita previa, o proxecto que está a levar a cabo a Consellería pretende:

Por unha parte, facer extensiva á totalidade da Comunidade, o servizo de cita previa que actualmente funciona para as zonas de de Ourense, Lugo, Santiago e Pontevedra, o cal resultará nun incremento potencial da demanda.

Por outra, incorporar a este servizo un sistema de recoñecemento de voz (IVR) que permita reducir o número de persoas que deban ser atendidas persoalmente por operadores e, con iso, contribuír á mellora da sostibilidade económica do servizo.

E na súa aposta pola mellora do servizo, ofrecelo de forma continuada (24 horas ao día, os 7 días da semana).

I.1.3. ACTUACIÓNS

ACTUACIÓNS		
CÓDIGO	ACTUACIÓN	IMPORTE
001AA	Seguimento e control do plan de xestión da Unidade de Oncoloxía Radioterápica	4.650.131
001AB	Seguimento e control do plan de xestión das unidades fixas de Resonancia Magnética.	3.017.606
002AB	Seguimento e control del plan de xestión das Unidades Móviles de Resonancia Magnética.	1.382.048
001AC	Seguimento e control do plan de xestión da Unidade de Medicina Nuclear de Vigo.	2.162.297
002AC	Seguimento e control do plan de xestión da Unidade de Medicina Nuclear de Ourense.	827.785
001AD	Seguimento e control do plan de xestión da Unidade de Cirurxía Cardíaca.	10.979.674
001AE	Seguimento e control do plan de xestión da Unidade de Cardiología Intervencionista.	10.266.293
001BA	Seguimento e control do plan de actividade da Unidade de Consultoría	672.490
001CA	Seguimento e control do plan de actividade da unidade técnica de protección radiolóxica e do servizo de radiofísica do CHUVI	1.203.267
001CB	Seguimento e control do plan de actividade da unidade de Radiofármacos Pet Galicia	1.369.218
002CB	Establecer alianzas estratéxicas con outras unidades de produción de radiofármacos PET.	
003CB	Conseguir a obtención da autorización de actividade docente nas unidades de radiofarmacia xestionadas directamente ou participadas	
001CC	Xestionar o servizo de atención telefónica de cita previa en Atención Primaria	2.209.719
001CD	Levar a cabo as actuacións concretas que se establezcan nas correspondientes encomendas de xestión	Pte. de determinar
001DA	Levar a cabo as actuacións concretas que se establezcan nas correspondientes encomendas de xestión	Pte. de determinar

I.1.4. PROGRAMA DE INVESTIMENTOS

INVESTIMENTOS									
RESUMO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS				REAL		ESTIM.		PREVISIÓN	
	Descrición	(1)	(2)	2009	2010	2011	2012	2013	2014
001AA	Ampliación estación XIO	NO	NO			12.500			
002AA	Equipamento informático	NO	NO			15.417			

INVESTIMENTOS									
RESUMO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS				REAL	ESTIM.	PREVISIÓN			
003AA	Obras reforma consulta	NO	NO			88.000			
004AA	Fibroscopio esófago	NO	NO			10.000			
005AA	TAC	NO	NO			450.000			
006AA	Obras acondicionamento TAC	NO	NO			100.000			
007AA	Oncentra braquiterapia externa	NO	NO			40.000			
008AA	Duas padiolas	NO	NO			1.300			
009AA	Marco estereotáxico	NO	NO			93.000			
010AA	Hard/software	NO	NO			40.000			
011AA	Fibroscopio ORL	NO	NO			6.000			
012AA	Carro transfer	NO	NO			10.000			
013AA	Equipamento braquiterapia utero	NO	NO			29.150			
014AA	Inversions menores	NO	NO			53.333			
001AB	Equipamento informático	NO	NO			12.417			
002AB	Estación diagnóstico	NO	NO			60.000			
003AB	Inversions menores	NO	NO			53.333			
001AC	Tablero e laser para simulación	NO	NO			38.000			
002AC	2 Fontes de Xermanio	NO	NO			10.000			
003AC	Gammacámara portátil	NO	NO			75.000			
004AC	Equipamento informático	NO	NO			5.917			
005AC	Inversions menores	NO	NO			63.333			
001AD	Ecocardiografo e sonda transesofáxica 3D	NO	NO			180.000			
002AD	Central de monitorización e instalación de 5 monitores	NO	NO			100.000			
003AD	Sustitución 6 camas REA	NO	NO			14.000			
004AD	Instalación 5 monitores	NO	NO			55.000			
005AD	7 Respiradores	NO	NO			140.000			
006AD	Desfibrilador con marcapasos	NO	NO			6.000			
007AD	4 Marcapasos	NO	NO			10.000			
008AD	Inversions menores	NO	NO			50.000			
001AE	Ecocardiografo portátil	NO	NO			50.000			
002AE	Inversions menores	NO	NO			20.000			
001CA	Equipamento informático	NO	NO			5.000			
002CA	Equipo medida radiofísica	NO	NO			45.000			
003CA	Inversions menores	NO	NO			50.000			
001CB	Blanco HY GENIII	NO	NO			30.000			
002CB	Equipo análisis control de calidade	NO	NO			40.000			
001XA	Equipamento informático	NO	NO			103.750			
002XA	Inversions menores	NO	NO			10.000			
<p>(1)A actuación está integrada nun plan de eido superior. (2)Actuación de fomento do I+D+I.</p>									

I.2. PREVISIÓNS ORZAMENTARIAS E FINANCIAMENTO

A previsión de gastos e ingresos establecece en función da actividade prevista nas unidades asistenciais establecida nos obxetivos operativos

GASTOS

Para acadar os obxetivos de actividade, amortizacións e contención das listas de espera estímáanse uns gastos de 39 millóns de euros. As partidas principais son as seguintes:

Aprovisionamentos

Gasto en aprovisionamento de 17,9 millóns de euros, o que supón un 46% do gasto total. Cabe salientar, que 2,2 millóns de euros corresponde a prestación do servizo do “teléfono único”

Persoal

O gasto de persoal ascende a 14,8 millóns de euros, o que representa o 38% do gasto total da empresa

Amortización

O gasto en amortización ascende a 2,7 millóns de euros.

Servizos exteriores

O gasto neste concepto ascende a 3 millóns de euros, un 7,8% do gasto total. Engádense os servizos non asistenciais recibidos dos hospitais nos que se atopan emprazadas as unidades, outros servizos concertados con empresas ou particulares alleos a Galaria

Gastos financeiros

A previsión de gastos financeiros é de 134 mil euros, orixinados polos arrendamentos financeiros contratados con Galaria.

INGRESOS

- a) Unidades asistenciais: Actividade prevista e tarifas aprobadas
- b) Unidade técnica de protección radiolóxica: Acordos de adhesión firmados cos hospitais
- c) Centro de produción de radiofármacos: Subvención prevista
- d) Consultoría: Subvención prevista

e) Teléfono único: Os gastos que a realización que dito servicio ocasiona

1.2.1. ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN

INGRESOS

Ventas e explotación de servizos

En función dos criterios definidos no apartado anterior os ingresos desglosanse (en miles de euros):

Unidades asistenciais	34.895
Unidade técnica de protección radiolóxica	386
Centro de produción de radiofármacos	593
Consultoría	657
Teléfono único	2.210

Subvencións de explotación recibidas

SUBVENCIONES DE EXPLOTACIÓN RECIBIDAS	REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN		
	2009	2010	2011	2012	2013
DO ESTADO					
DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	2.197.103	3.313.487	3.459.841	3.459.841	3.459.841
DA UNIÓN EUROPEA					
TOTAL	2.197.103	3.313.487	3.459.841	3.459.841	3.459.841

GASTOS

Gastos de persoal

GASTO PERSONAL		Nº EMPREGADOS	% VARIACIÓN ANUAL	CUSTO TOTAL	% VARIACIÓN ANUAL	CUSTO MEDIO	% VARIACIÓN ANUAL
REAL	2009	332	1,22	14.473.070	-12,94	43.593	11,58
ESTIMADO	2010	330	-0,6	14.206.780	-1,84	43.050	-1,24
	2011	345	4,55	14.863.033	4,62	43.081	0,07
PREVISIÓN	2012	345	0	14.863.033	0	43.081	0
	2013	223	0	14.863.033	0	43.081	0

Servizos exteriores

SERVICIOS EXTERIORES		REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN		
CÓDIGO	DESCRIPCIÓN	2009	2010	2011	2012	2013
C	Gastos investigación e desenvolvemento	12.448	0	0	0	0

SERVIZOS EXTERIORES		REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN		
CÓDIGO	DESCRIPCIÓN	2009	2010	2011	2012	2013
C	Arrendamentos e canones	159.767	50.901	96.678	96.678	96.678
C	Reparacións e conservación	1.340.099	1.674.054	1.745.600	1.745.600	1.745.600
c	Otros gastos	518.311	879.259	1.198.627	1.198.627	1.198.627
TOTAL		2.030.625	2.604.214	3.040.905	3.040.905	3.040.905

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2011				
GALARIA EMP.PUBL. DE SERVIZOS SANITARIOS				
Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	BALANCE ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2009	ESTIMADO 2010	ORZAMENTO 2011
	A) ACTIVO NON CORRENTE	13.129	11.048	14.017
	I. Inmobilizado intanxible	6	4	4
201, (2801), (2901)	1. Desenvolvemento			
202, (2802), (2902)	2. Concesións			
203, (2803), (2903)	3. Patentes, licencias, marcas e similares	4	3	2
204	4. Fondo de comercio			
206, (2806), (2906)	5. Aplicacións informáticas	2	1	2
205, 209, (2805), (2905)	6. Outro inmovilizado intanxible			
	II. Inmobilizado material	12.982	10.915	13.884
210, 211, (2811), (2910), (2911)	1. Terreos e construcións			
212, 213, 214, 215, 216, 217, 218, 219, (2812), (2813), (2814), (2815), (2816), (2817), (2818), (2819), (2912), (2913), (2914), (2915), (2916), (2917), (2918), (2919)	2. Instalacións técnicas, e outro inmovilizado material	12.953	10.915	13.855
23	3. Inmobilizado en curso e anticipos	29		29
	III. Investimentos inmobiliarios			
220, (2920)	1. Terreos			
221, (282), (2921)	2. Construcións			
	IV. Investimentos en empresas do grupo e asociadas a longo prazo	129	129	129
2403, 2404, (2493), (2494), (293)	1. Instrumentos de patrimonio	129	129	129
2423, 2424, (2953), (2954)	2. Créditos a empresas			
2413, 2414, (2943), (2944)	3. Valores representativos de débeda			
	4. Derivados			
	5. Outros activos financeiros			
	V. Investimentos financeiros a longo prazo	12		
2405, (2495), 250, (259)	1. Instrumentos de patrimonio			
2425, 252, 253, 254, (2955), (298)	2. Créditos a terceiros			
2415, 251, (2945), (297)	3. Valores representativos de débeda			
255	4. Derivados			
258, 26	5. Outros activos financeiros	12		
474	VI. Activos por imposto diferido			
	B) ACTIVO CORRENTE	5.456	6.282	6.216
580, 581, 582, 583, 584, (599)	I. Activos non correntes mantidos para a venda			
	II. Existencias	314	309	322
30, (390)	1. Comerciais			
31, 32, (391), (392)	2. Materias primas e outros aprovisionamentos	307	305	320
33, 34, (393), (394)	3. Productos en curso			
35, (395)	4. Productos terminados			
36, (396)	5. Subproductos, residuos e materias recuperados			
407	6. Anticipos a proveedores	6	4	2
	III. Deudores comerciais e outras contas a cobrar	5.014	5.913	5.869
430, 435, 436, (437), (490), (4935)	1. Clientes por vendas e prestacións de servizos	3.795	3.121	3.580
433, 434, (4933), (4934)	2. Clientes, empresas do grupo e asociadas			
44, 5531, 5533	3. Debedores varios	1		
460, 544	4. Persoal	9	6	3
4709	5. Activos por imposto corrente			

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2011

GALARIA EMP.PUBL. DE SERVIZOS SANITARIOS

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	BALANCE ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2009	ESTIMADO 2010	ORZAMENTO 2011
4700, 4708, 471, 472	6. Outros créditos coas Administracións Públicas	1.209	2.786	2.286
5580	7. Accionistas (socios) por desembolsos esixidos			
	IV. Investimentos en empresas do grupo e asociadas a curto prazo			
5303, 5304, (5393), (5394), (593)	1. Instrumentos de patrimonio			
5323, 5324, 5343, 5344, (5953), (5954)	2. Créditos a empresas			
5313, 5314, 5333, 5334, (5943), (5944)	3. Valores representativos de débeda			
	4. Derivados			
5353, 5354, 5523, 5524	5. Outros activos financeiros			
	V. Investimentos financeiros a curto prazo	55	18	9
5305, (5395), 540, (549)	1. Instrumentos de patrimonio			
5325, 5345, 542, 543, 547, (5955), (598)	2. Créditos a empresas			
5315, 5335, 541, 546, (5945), (597)	3. Valores representativos de débeda			
5590, 5593	4. Derivados			
5355, 545, 548, 551, 5525, 565, 566	5. Outros activos financeiros	55	18	9
480, 567	VI. Periodificacións a curto prazo	71	30	8
	VII. Efectivo e outros líquidos equivalentes	2	12	8
570, 571, 572, 573, 574, 575	1. Tesourería	2	12	8
576	2. Outros activos líquidos equivalentes			
	TOTAL ACTIVO (A+B)	18.584	17.330	20.233

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2011

GALARIA EMP.PUBL. DE SERVIZOS SANITARIOS

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	BALANCE. PATRIMONIO NETO E PASIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2009	ESTIMADO 2010	ORZAMENTO 2011
	A) PATRIMONIO NETO	5.034	4.940	4.846
	A.1) Fondos propios	4.524	4.524	4.524
	I. Capital	2.104	2.104	2.104
100, 101, 102	1. Capital escriturado	2.104	2.104	2.104
(1030), (1040)	2. (Capital non esixido)			
110	II. Prima de emisión			
	III. Reservas	2.414	2.420	2.420
112, 1141	1. Legal e estatutarias	421	421	421
113, 1140, 1142, 1143, 1144, 115, 119	2. Outras reservas	1.994	1.999	1.999
(108), (109)	IV. (Accións e participacións no patrimonio propias)			
	V. Resultados de exercicios anteriores			
120	1. Remanente			
(121)	2. (Resultados negativos de exercicios anteriores)			
118	VI. Outras aportacións de socios			
129	VII. Resultado do exercicio	6		
(557)	VIII. (Dividendo a conta)			
111	IX. Outros instrumentos do patrimonio neto			
	A.2) Axustes por cambios de valor			
133	I. Activos financeiros disponibles para a venda			
1340	II. Operacións de cobertura			
137	III. Outros			
130, 131, 132	A.3) Subvencións, doacións e legados recibidos	510	416	322
	B) PASIVO NON CORRENTE	5.985	4.936	7.584
	I. Provisións a longo prazo	67	15	20
140	1. Obrigas por prestacións a longo prazo ó persoal			
145	2. Actuacións medioambientais			
146	3. Provisións por reestruturación			
141, 142, 143, 147	4. Outras provisións	67	15	20
	II. Débedas a longo prazo	5.700	4.742	7.425
177, 178, 179	1. Obrigas e outros valores negociables			
1605, 170	2. Débedas con entidades de crédito			
1625, 174	3. Acredores por arrendamento financeiro	5.700	4.742	7.425
176	4. Derivados			
1615, 1635, 171, 172, 173, 175, 180, 185, 189	5. Outros pasivos financeiros			
1603, 1604, 1613, 1614, 1623, 1624, 1633, 1634	III. Débedas con empresas do grupo e asociadas a longo prazo			
479	IV. Pasivos por imposto diferido	219	179	139
181	V. Periodificacións a longo prazo			
	C) PASIVO CORRENTE	7.565	7.454	7.804
585, 586, 587, 588, 589	I. Pasivos vinculados con activos non correntes mantidos para a venda			
499, 529	II. Provisións a curto prazo			
	III. Débedas a curto prazo	1.364	1.308	2.009
500, 501, 505, 506	1. Obrigas e outros valores negociables			
5105, 520, 527	2. Débedas con entidades de crédito			
5125, 524	3. Acredores por arrendamento financeiro	1.162	958	1.159
5595, 5598	4. Derivados			
(190), (192), 194, 509, 5115, 5135, 5145, 525, 526, 528, 551, 5525, 5530, 5532, 555, 5565, 5566, 560, 561, 569	5. Outros pasivos financeiros	202	350	850

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2011

GALARIA EMP.PUBL. DE SERVIZOS SANITARIOS

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	BALANCE. PATRIMONIO NETO E PASIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2009	ESTIMADO 2010	ORZAMENTO 2011
5103, 5104, 5113, 5114, 5123, 5124, 5133, 5134, 5143, 5144, 5523, 5524, 5563, 5564	IV. Débedas con empresas do grupo e asociadas a curto prazo			
	V. Acredores comerciais e outras contas a pagar	6.201	6.146	5.795
400, 401, 405, (406)	1. Provedores	5.021	5.210	4.920
403, 404	2. Provedores, empresas do grupo e asociadas	386	420	350
41	3. Acredores varios			
465, 466	4. Persoal (remuneracións pendentes de pago)			
4752	5. Pasivos por imposto corrente	18	1	
4750, 4751, 4758, 476, 477	6. Outras débedas coas Administracións Públicas	520	515	525
438	7. Anticipos clientes	256		
485, 568	VI. Periodificacións a curto prazo			
	TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B+C)	18.584	17.330	20.233

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2011				
ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN				
GALARIA EMP.PUBL. DE SERVIZOS SANITARIOS				
Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS.	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2009	ESTIMADO 2010	ORZAMENTO 2011
	A) OPERACIONES CONTINUADAS			
	1. Importe neto da cifra de negocios	34.491	32.751	35.147
700, 701, 702, 703, (708)	a) Ventas			
705	b) Prestacións de servizos	34.491	32.751	35.147
(6930), 71, 7930	2. Variación de existencias de pto. terminados e en curso de fabricac.			
73	3. Traballos realizados pola empresa para o seu activo.			
(600), 6060, 6080, 6090, 610	4. Aprovisionamentos	-17.648	-17.258	-17.992
	Consumo de mercaderías			
(601), (602), 6061, 6062, 6081, 6082, 6091, 611, 612	Consumo de materias primas e outras materias consumibles	-14.964	-13.324	-14.192
(607)	Traballos realizados por outras empresas	-2.685	-3.934	-3.800
(6931), (6932), (6933), 7931, 7932, 7933	Deterioro de mercaderías, materias primas e outros aprovisionamentos			
75	5. Outros ingresos de explotación	2.201	3.313	3.460
	Ingresos accesorios e outros de xestión corrente	4		
740, 747	Subvencións de explotación incorporadas ó resultado exercicio	2.197	3.313	3.460
(640), (641), (6450)	6. Gastos de persoal	-14.473	-14.206	-14.863
(642), (643), (649)	Soldos, salarios e asimilados	-12.181	-11.956	-12.017
(644), (6457), 7950, 7957	Cargas sociais	-2.292	-2.250	-2.846
	Provisións			
(62)	7. Outros gastos de explotación	-2.256	-2.559	-3.060
(631), (634), 636, 639	Servicios exteriores	-2.031	-2.604	-3.041
(650), (694), (695), 794, 7954	Tributos	-45	-19	-19
(651), (659)	Perdas, deterioros e variacións de provisións por operacións comerciais	-180	64	
(68)	Outros gastos de xestión corrente			
746	8. Amortización do inmovilizado	-2.250	-2.100	-2.691
7951, 7952, 7955, 7956	9. Imputación de subvencións do inmovilizado non financeiro e outras.	134	134	134
(690), (691), (692), 790, 791, 792	10. Excesos de provisións			
(670), (671), (672), 770, 771, 772	11. Deterioro e resultado por alleamentos de inmovilizado.	-1		
	a) Deterioros e perdas			
	b) Resultado por alleamentos e outras	-1		
	A.1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11)	198	75	134
	12. Ingresos financeiros	11	2	
7600, 7601	a) De participación en instrumentos do patrimonio			
7602, 7603	En empresas do grupo e asociadas			
	En terceiros	11	2	
7610, 7611, 76200, 76201, 76210, 76211	b) De valores negociables e outros instrumentos financeiros			
7612, 7613, 76202, 76203, 76212, 76213, 767, 769	De empresas do grupo e asociados			
	De terceiros	11	2	
(6610), (6611), (6615), (6616), (6620), (6621), (6640), (6641), (6650), (6651), (6654), (6655)	13. Gastos financeiros	-130	-77	-134
	a) Por débedas con empresas do grupo			

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2011				
ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN				
GALARIA EMP.PUBL. DE SERVIZOS SANITARIOS				
Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS.	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2009	ESTIMADO 2010	ORZAMENTO 2011
(6612), (6613), (6617), (6618), (6622), (6623), (6624), (6642), (6643), (6653), (6656), (6657), (669)	b) Por débedas con terceiros.	-130	-77	-134
(660)	c) Por actualización de provisións			
	14. Variación de valor razonable en instrumentos financeiros.			
(6633), 7630, 7631, 7633	a) Carteira de negociación e outros			
(6632), 7632	b) Imputación ó resultado do exercicio por activos financeiros disponibles para a venda			
(668), 768	15. Diferencias de cambio			
	16. Deterioro e resultado por alleamento de instrumentos financeiros			
(696), (697), (698), (699), 796, 797, 798, 799	a) Deterioro e perdas			
(666), (667), (673), (675), 766, 773, 775	b) Resultado por alleamentos e outras			
	A.2) RESULTADO FINANCEIRO (12+13+14+15+16)	-119	-75	-134
	A.3) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS (A.1+A.2)	80		
6301, (633), 638	17. Imposto sobre beneficios	-74		
	A.4) RESULTADO DO EXERCICIO PROCEDENTE DE OPERACIÓNS CONTINUADAS (A.3+17)	6		
	B) OPERACIÓNS INTERRUMPIDAS			
	18. Resultado do exercicio procedente de operacións interrompidas neto de impostos.			
	A.5) RESULTADO DO EXERCICIO (A.4+18)	6		

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2011			
ORZAMENTO DE CAPITAL			
GALARIA EMP.PUBL. DE SERVIZOS SANITARIOS			
CADRO DE FINANCIAMENTO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2009	ESTIMADO 2010	ORZAMENTO 2011
1. Recursos aplicados nas operacións	34.401	34.164	36.049
a. redución de existencias de produtos terminados e en curso			
b. aprovisionamentos	17.648	17.258	17.992
c. servizos exteriores	2.031	2.604	3.041
d. tributos	119	19	19
e. gastos de persoal	14.473	14.206	14.863
f. prestacións sociais			
g. transferencias e subvencións			
h. gastos financeiros	130	77	134
i. outras perdas de xestión correntes e gastos excepcionais			
2. Pagos pendentes de aplicación			
3. Activos non correntes mantidos para a venda			
4. Adquisicións de inmovilizado:	325	20	5.655
a. Inmovilizacións intanxibles	2		1
b. Inmovilizacións materiais	322	20	5.654
c. Investimentos inmobiliarios			
d. Investimentos financeiros			
5. Diminucións directas de patrimonio			
a. En adscrición			
b. En cesión			
c. Entregado ao uso xeral			
6. Cancelación ou traspaso a CP de débedas a LP		958	
a. Empréstitos e pasivos análogos			
b. Por préstamos recibidos			
c. Outros conceptos		958	
7. Deterioro de valor			
TOTAL APLICACIÓNS	34.726	35.143	41.705
1. Recursos procedentes das operacións	36.703	36.067	38.607
a. Ventas	34.491	32.751	35.147
b. Aumento de existencias de produtos terminados e en curso			
c. Taxas, prezos públicos e contribucións especiais			
d. Transferencias e subvencións correntes	2.197	3.313	3.460
i. Do Estado			
ii. Da comunidade Autónoma	2.197	3.313	3.460
iii. Da UE			
e. Ingresos financeiros	11	2	
f. Outros ingresos de xestión corrente e ingresos excepcionais	4		
g. Reversión deterioro de activos circulantes			
2. Cobros pendentes de aplicación			
3. Incrementos directos de patrimonio			
i. Do Estado			
ii. Da comunidade Autónoma			
iii. Da UE			
4. Transferencias e subvencións de capital			
i. Do Estado			
ii. Da comunidade Autónoma			
iii. Da UE			
5. Débedas a longo prazo			2.683
a. Empréstitos e outros pasivos análogos			2.683
b. Préstamos recibidos			
c. Outros conceptos			
6. Alleamento de inmovilizado		12	
a. Inmovilizacións intanxibles			
b. Inmovilizacións materiais			
c. Investimentos inmobiliarios		12	
7. Cancelación ou traspaso a CP de investimentos financeiros			
TOTAL ORIXES	36.703	36.079	41.289
Aumento/Diminución de Capital Circulante	1.977	936	-415
VARIACION DO CAPITAL CIRCULANTE aumentos(+) / diminucións (-)			

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2011			
ORZAMENTO DE CAPITAL			
GALARIA EMP.PUBL. DE SERVIZOS SANITARIOS			
CADRO DE FINANCIAMENTO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2009	ESTIMADO 2010	ORZAMENTO 2011
1. Existencias	-10	-5	13
2. Debedores	704	899	-44
a. orzamentarios	704	899	-44
b. non orzamentarios			
c. por administración de recursos doutros entes			
3. Acredores	1.788	55	351
a. orzamentarios	1.788	55	351
b. non orzamentarios			
c. por administración de recursos doutros entes			
4. Investimentos financeiros temporais	53	-37	-9
5. Empréstitos e outras débedas a curto prazo		56	-701
a. empréstitos e outras emisións			
b. préstamos recibidos e outros conceptos		56	-701
6. Outras contas non bancarias			
7. Tesourería	-369	10	-4
a. Caixa			
b. Bancos	-369	10	-4
8. Axustes por periodificación	-37	-41	-22
Total Variación do Capital Circulante	2.130	937	-415